# PR-G 211

GALICIA

Concello da Veiga

## Senda Verde do Xares



Ruta sinalizada

1 mapa do percorrido escala 1:23.500

Concello da Veiga
Praza do Concello 1
32360 - A Veiga
Tel. 988 35 00 00
www.aveiga.gal

***A** Senda Verde do Xares é unha ruta circular arredor do Encoro de Prada. Esta ruta permite gozar das paisaxes naturais e humanizadas creadas a partir dunha importante modificación do medio ambiente feita polo home.*

*A creación do encalco de Prada e o conseguinte asolagamento do fondo do val do río Xares, creou unha contorna húmida, cun microclima propio, que abrangue dende as proximidades da capital do concello, na poboación da Veiga, ata as terras por baixo do lugar de Prada.*

*O ruta carece de fortes desniveis e incluso está preparada, incluíndo uns tramos alternativos, para transitar facilmente con bicicleta de montaña. A súa dificultade pode radicar na lonxitude da mesma, pero hai múltiples alternativas para acortar os treitos e poder facela en varias etapas, mediante os accesos por camiños e pistas a varias aldeas e estradas dende o percorrido que circunda a presa.*

*Paisaxes, fragas, aldeas, praias e a fauna que temos na contorna desta ruta, fan que o percorrido andando ou en bicicleta sexa todo un gozo para os sentidos.*

XUNTA DE GALICIA

galicia

PR-G 211
Senda Verde
do Xares

Ruta homologada en 2017

Deseño: SEGATUR S.L. - Tel. +34 886 11 70 11 - www.segatur.es

## Marcas e sinais sendeiristas no percorrido

- Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.
- Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.
- Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita, no sentido da marcha.
- Cambio de dirección. Indica un xiro á esquerda, no sentido da marcha.
- PR-G 211: Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

## MIDE (Método de Información De Excursións)

Máis información: www.euromide.info

### MIDE — PR-G 211 Senda Verde do Xares

| | | | |
|---|---|---|---|
| Horario | 9 horas | 2 | severidade do medio natural |
| Desnivel de subida | 1219 m | 2 | orientación no itinerario |
| Desnivel de baixada | 1219 m | 2 | dificultade no desprazamento |
| Distancia horizontal | 35 km | 4 | cantidade de esforzo necesario |
| Tipo de percorrido | circular | | PR-G 211 |
| | | | Mapas IGN 1:25.000: 228-I, 228-II, 228-III |

segatur.es




BTT

## PR-G 211 Senda Verde do Xares.

Partindo dende a poboación da Veiga iniciamos o percorrido pola beira dereita do río Xares ata a presa de Prada (pasando por Casdenodres, Castromarigo e Candeda), para logo volver pola marxe esquerda (achegándonos ata as proximidades de Corexido e de Vilaboa, e cruzando Santa Cristina e Carracedo) ata a coñecida coma a Praia dos Franceses.

A paisaxe está dominada principalmente polo encoro de Prada. Construído no ano 1958 supuxo a desaparición da aldea de Albergueria e o conseguinte asolagamento das terras fértiles do fondo do val do río Xares.

Na actualidade esta permanente contorna húmida crea un microclima propio que condiciona a identidade do propio val. Este encoro permite que a Veiga goce dunha praia interior perfectamente dotada para o seu uso nos meses estivais.

Acompaña a esta ruta sendeirista un percorrido para bicicleta que está marcado no mesmo sentido anteriormente indicado. É importante que o ciclista circule con precaución, xa que a ruta é de uso compartido: hai tramos de estrada, zonas con presenza de animais domesticados e outras con animais salvaxes e, por suposto, o camiño é utilizado por veciños e sendeiristas. Polo tanto o ciclista deberá ser prudente e respectuoso, sempre cedendo o paso ao resto dos usuarios.



O pombal de Castromarigo

